

**ACTA XUNTA DIRECTIVA
GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL AVINZA GDR 15
DO DÍA 30 DE SETEMBRO DE 2010**

Asisten:

Francisco García Suárez
PRESIDENTE
Da. Yolanda Quintas Salgado.
VICESECRETARIA
Da. Vanessa García Rodríguez
TESOUREIRO
D. José Manuel Fernández Gómez

VOGAIS
Da. María Teresa Barge Bello
Francisco José Gómez
Joaquín Fernández Rodríguez en
representación de Esther Losada

No Salón de Actos do Centro de Promoción Económica de Allariz, sito na rúa Portelo 4, cando son as 17:15 horas do día 29 de xuño de 2010, previamente convocados/as, reuníronse os Sres./as. á marxe relacionados/as, baixo a presidencia do Sr. PRESIDENTE, Francisco García Suárez, constituídos en *Xunta Directiva* a fin de celebrar unha sesión extraordinaria da Asociación AVINZA GDR 15, para tratar os asuntos que a continuación se detallan coma orde do día.

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Acordo, se procede, da solicitude do adianto do 20% dos gastos de funcionamento.
3. Información sobre FEIRA SECTORIAL ANUAL que se celebrará o día 16 de outubro en Bermillo de Sayago (Zamora), dentro do proxecto AMBI-EMPLÉAte.
4. Información sobre o curso a impartir "O CULTIVO DO CASTIÑEIRO" dentro do proxecto AMBI-EMPLÉAte.
5. Aprobación do proxecto con número de expediente L10-41300-15-0003. Carpintería de Madeira en Rairiz de Veiga.
6. Dar conta do número de proxectos presentados.
7. Resumo das modificacións das Bases Reguladoras do programa LEADER 2007-2013 pendentes de aprobación por parte de AGADER.
8. Rogos e preguntas.

3

Comeza a sesión ás 18:40 h.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Entrégase a tódos os asistentes a acta da sesión da Xunta Directiva anterior do 29/07/2010 e apróbase por unanimidade.

2. Acordo, se procede, da solicitude do adianto do 20% dos gastos de funcionamento.

O presidente expón a necesidade de solicitar un adianto do 20% dos gastos de funcionamento a AGADER antes do 31 de outubro. Apróbase por unanimidade.

3. Información sobre FEIRA SECTORIAL ANUAL que se celebrará o día 16 de outubro en Bermillo de Sayago (Zamora), dentro do proxecto AMBI-EMPLÉAte.

O presidente e, a continuación xerente, informan sobre a Feira Sectorial que se vai celebrar o día 16 de outubro en Bermillo de Sayago, solicítase colaboración aos asistentes e material divulgativo aos representantes de concellos.

4. Información sobre o curso a impartir “O CULTIVO DO CASTIÑEIRO” dentro do proxecto AMBI-EMPLÉAte.

A xerente pon ao día aos asistentes sobre a organización do curso O CULTIVO DO CASTIÑEIRO, dando datas e condicións de asistencia. Repártense carteis do curso entre os asistentes.

5. Aprobación do proxecto con número de expediente L10-41300-15-0003. Carpintería de Madeira en Rairiz de Veiga.

Enviados os datos do proxecto de Carpintería de Madeira en Rairiz de Veiga xunto coa convocatoria desta Xunta Directiva procédese á votación para a súa selección resultando elixido o proxecto por unanimidade.

6. Dar conta do número de proxectos presentados.

O presidente da conta do número de proxectos presentados e dos importes que estes suporían en subvencións cando AGADER teña dado o seu visto bo.

7. Resumo das modificacións das Bases Reguladoras do programa LEADER 2007-2013 pendentes de aprobación por parte de AGADER.

Ao comezo da xunta entregouse tamén aos asistentes un resumo dos cambios máis destacados das modificacións das Bases Reguladoras. Coméntase esta documentación e chégase ao acordo unánime de presentar unha alegación polas modificacións referentes aos prazos de xestión así como a exclusión de proxectos silvopastorís ou de transporte.

8. Rogos e preguntas.

Non habendo preguntas péchase a sesión ás 19:30

Francisco García Suárez
Presidente



FEADER:
Europa Investe no rural



Xabier Oviedo Rodríguez
Secretario

4

INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA Á ORDE DO DÍA:

✓ PUNTO 3.- INFORMACIÓN SOBRE A FEIRA SECTORIAL ANUAL:

Día: 16 de outubro en Vermello de Sayago (Zamora)

Expositor: AVINZA GDR 15.

Artesáns/productores: Labregos D'aiqui, Taller Carballal (artesáns da madeira)/ O Rexo

✓ Punto 4.- CULTIVO DO CASTIÑEIRO

OBXECTIVOS: Adquirir coñecementos teórico-prácticos sobre o cultivo do castiñeiro: dende o coidado dos soutos ata a recolección ou a conservación da castaña.

DATA DE COMEZO: 13 /10/2010

DURACIÓN: 90h (60 teóricas e 30 prácticas)

HORARIOS: Por determinar. Segundo o alumnado.

LUGAR DE CELEBRACIÓN: A Bola (andar inferior da Casa do Concello) Estrada Allariz-Celanova, s/n. 32812 A Bola.



PARTICIPANTES: Público en xeral. Terán preferencia mulleres, mozos ou parados de longa duración. Gratuíto.

✓ Proxectos presentados

Nº de consultas: 95

Nº de proxectos presentados: 15

Importe da axuda Favorable polo GDR, pendente de AGADER E X.D: 455.485 €

Distribución por concellos		
Concellos	Nº de proxectos	Tipoloxía
A Bola	2	Enerxías renovables Desguaces Balseiro
Allariz	2	2 tabernas
Baños de Molgas	1	Oficina agroforestal
Maceda	2	Rutas San Mamede Explotación da vacas
Paderne de Allariz	2	Área recreativa Golpellas Área recreativa Hermide
Rairiz de Veiga	3	S.C. Labregos Daiqui Carpintería de madeira
Taboadela	0	-----
Vilar de Santos	2	Taller mecánico Explotación cabras
Xunqueira de Ambía	1	Taberna ACEVEDO
Xunqueira de Espadanedo	0	-----
TOTAL	15	455.485 €

✓ **Punto 7: Bases Regulatoras remitido por AGADER.**

1.- Proxectos non produtivos:

Ábrese o campo de axudas a todos os servizos de igualdade e benestar, **INCLUÍDAS** as residencias de maiores.

Elimínase:

- **Servizo de transporte adaptados** en áreas de baixa densidade de poboación
- **Rehabilitación e equipamento de edificios destinados a locais sociais**
- **Participación en certames, feiras.** Edicións de libros, mapas guías,...
- **Instalacións hípicas e cinexéticas**
- **Eventos de difusión ou estudos** vinculados á valorización do territorio

2.- Proxectos PRODUTIVOS

- Elimínase:

- **Mantemento e recuperación de sistemas silvopastoris**
- **Cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías** no sector agrario

3.- Non poderán solicitar axudas as comunidades de bens e as sociedades civís

4.- Cambios no procedemento. Amplíase o prazo 2 a 9 meses